



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC05	Promoción de igualdade de xénero	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1404	Ámbitos de intervención para a promoción de igualdade	2025/2026	0	187	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL SUÁREZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o contorno de intervención desde a perspectiva de xénero, determinando as necesidades e as demandas da poboación destinataria e os factores que afectan a súa calidade de vida
RA2 - Deseña estratexias para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, analizando recursos, servizos e accións con perspectiva de xénero
RA3 - Organiza accións para informar e sensibilizar sobre o traballo non remunerado desenvolvido polas mulleres no ámbito doméstico, seleccionando estratexias e técnicas para a visibilización e o recoñecemento do valor dos coidados para a vida
RA4 - Aplica estratexias para informar e sensibilizar sobre as medidas de conciliación en diferentes ámbitos e contextos de intervención, adecuándoas ás tipoloxías de persoas, grupos sociais e colectivos
RA5 - Realiza actividades de control e seguimento da intervención en materia de igualdade, seleccionando instrumentos e indicadores para comprobar a efectividade e o impacto desta

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícanse os factores que afectan a calidade de vida das persoas e a relación desta coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral
CA1.2 Detectáronse os tipos de discriminación que sofren homes e mulleres en diferentes ámbitos
CA1.3 Identifícanse as necesidades derivadas ou relacionadas coa desigualdade entre homes e mulleres
CA1.4 Identifícanse as necesidades e as demandas, así como as causas de segregación entre homes e mulleres nos espazos público, privado e doméstico
CA1.6 Definiuse o uso dos espazos e tempos que utilizan homes e mulleres na súa vida cotiá
CA2.1 Identifícanse organismos relacionados coa igualdade de oportunidades
CA2.2 Interpretouse o marco legal en materia de igualdade efectiva



Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Identificáronse os recursos, os servizos e as accións que se lle ofrecen á cidadanía nun contorno de intervención tipo
CA2.4 Identificouse o uso de recursos, espazos e tempos polos homes e as mulleres
CA2.5 Identificáronse criterios para a organización da información obtida sobre os recursos, os servizos e as accións existentes
CA3.1 Identificáronse as tarefas e os tempos dedicados ao traballo non remunerado dentro do ámbito doméstico
CA3.2 Establecéronse as repercusións do traballo non remunerado no ámbito doméstico, a nivel persoal e familiar, e na estrutura socioeconómica
CA3.3 Determináronse as consecuencias do traballo non remunerado para a calidade de vida das mulleres que o realizan
CA3.4 Analizouse o marco normativo
CA4.1 Definíronse desde a perspectiva de xénero as necesidades de información no ámbito da saúde, a educación, o lecer, a conciliación da vida persoal e familiar, a mobilidade e a xestión de tempos
CA4.2 Seleccionáronse os recursos para atender as necesidades de persoas e colectivos
CA4.7 Analizouse o papel do/da técnico/a no equipo de traballo en materia de igualdade de oportunidades
CA5.1 Identificáronse os momentos da avaliación
CA5.5 Identificáronse protocolos para a comunicación e a divulgación dos resultados
CA5.7 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade da intervención

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza o contorno de intervención desde a perspectiva de xénero, determinando as necesidades e as demandas da poboación destinataria e os factores que afectan a súa calidade de vida
RA2 - Deseña estratexias para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, analizando recursos, servizos e accións con perspectiva de xénero



Resultados de aprendizaxe do currículo
RA3 - Organiza accións para informar e sensibilizar sobre o traballo non remunerado desenvolvido polas mulleres no ámbito doméstico, seleccionando estratexias e técnicas para a visibilización e o recoñecemento do valor dos coidados para a vida
RA4 - Aplica estratexias para informar e sensibilizar sobre as medidas de conciliación en diferentes ámbitos e contextos de intervención, adecuándoas ás tipoloxías de persoas, grupos sociais e colectivos
RA5 - Realiza actividades de control e seguimento da intervención en materia de igualdade, seleccionando instrumentos e indicadores para comprobar a efectividade e o impacto desta

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.5 Definíronse, desde a perspectiva de xénero, as necesidades en diferentes ámbitos da poboación destinataria
CA1.7 Valorouse a importancia da incidencia do nesgo de xénero na valoración da autonomía e dependencia de homes e mulleres
CA2.6 Interpretáronse as necesidades en diferentes dimensións da saúde desde a perspectiva de xénero
CA2.7 Planificáronse estratexias para a igualdade
CA2.8 Establecéronse soportes de comunicación para dar a coñecer os servizos, os recursos e as accións do contorno de intervención
CA2.9 Valorouse a importancia de manter actualizada a información
CA3.5 Caracterizáronse estratexias e técnicas para a visibilización e o recoñecemento do traballo non remunerado
CA3.6 Seleccionáronse estratexias que potencian a corresponsabilidade de homes e mulleres dos coidados para a vida
CA3.7 Valorouse a importancia dos valores que se desenvolven a través da realización dos coidados para a vida
CA4.3 Adequouse a información sobre os recursos, os espazos e os tempos á diversidade das persoas, grupos sociais e colectivos
CA4.4 Puxéronse en práctica accións para o cambio de usos do tempo de mulleres e homes
CA4.5 Realizáronse actividades para informar e sensibilizar sobre medidas de conciliación



Criterios de avaliación do currículo

CA4.6 Argumentouse a importancia de ter en conta a diversidade das mulleres e das súas necesidades

CA5.2 Establecéronse criterios e indicadores para valorar o impacto das intervencións en materia de igualdade

CA5.3 Seleccionáronse instrumentos para valorar a eficacia, a eficiencia e a efectividade das accións en materia de igualdade efectiva

CA5.4 Aplicáronse instrumentos para o seguimento das accións desenvolvidas

CA5.6 Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración, a presentación e a difusión de informes de avaliación e memorias

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios de avaliación establecidos na programación considéranse mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación:

RA1. CA referidos á identificación de necesidades relacionadas cos factores que afectan á calidade de vida das persoas segundo o seu xénero e á valoración da incidencia do nesgo de xénero:

CA1.1 Identificáronse os factores que afectan a calidade de vida das persoas e a relación desta coa conciliación da vida persoal, familiar e laboral

CA1.2 Detectáronse os tipos de discriminación que sofren homes e mulleres en diferentes ámbitos

CA1.3 Identificáronse as necesidades derivadas ou relacionadas coa desigualdade entre homes e mulleres

CA1.4. Identificáronse as necesidades e as demandas, así como as causas de segregación entre homes e mulleres nos espazos público, privado e doméstico.

CA1.5 Definíronse, desde a perspectiva de xénero, as necesidades en diferentes ámbitos da poboación destinataria

CA1.6. Definiuse o uso dos espazos e tempos que utilizan homes e mulleres na súa vida cotiá

RA2. CA que permiten verificar que o alumnado identificou os organismos, recursos, servizos e normativa en materia de igualdade efectiva, e que planificou estratexias para a súa difusión, elaborando unha guía de recursos para a súa difusión. Estes son:

CA2.1 Identificáronse organismos relacionados coa igualdade de oportunidades

CA2.2 Interpretouse o marco legal en materia de igualdade efectiva

CA2.3 Identificáronse os recursos, os servizos e as accións que se lle ofrecen á cidadanía nun contorno de intervención tipo

CA2.5 Identificáronse criterios para a organización da información obtida sobre os recursos, os servizos e as accións existentes

CA2.6 Interpretáronse as necesidades en diferentes dimensións da saúde desde a perspectiva de xénero

CA2.7 Deseñáronse estratexias para a difusión de lexislación e recursos para a igualdade



CA2.8 Establecéronse soportes de comunicación para dar a coñecer os servizos, os recursos e as accións do contorno de intervención.

CA2.9 - Valorouse a importancia de manter actualizada a información.

RA3. CA relacionados coa identificación dos traballos de coidados, e a súa importancia na estrutura socioeconómica, así como na calidade de vida das mulleres que os realizan:

CA3.1 Identificáronse as tarefas e os tempos dedicados ao traballo non remunerado dentro do ámbito doméstico

CA3.2 Establecéronse as repercusións do traballo non remunerado no ámbito doméstico, a nivel persoal e familiar, e na estrutura socioeconómica

CA3.3 Determináronse as consecuencias do traballo non remunerado para a calidade de vida das mulleres que o realizan

CA3.4 Analizouse o marco normativo

CA3.5 Caracterizáronse estratexias e técnicas para a visibilización e o recoñecemento do traballo non remunerado

CA3.6 Seleccionáronse estratexias que potencian a corresponsabilidade de homes e mulleres dos coidados para a vida

CA3.7 - Valorouse a importancia dos valores que se desenvolven a través da realización dos coidados para a vida

RA4. CA relacionados coa realización de actividades de información e sensibilización sobre a intervención con perspectiva de xénero en diferentes ámbitos: saúde, educación, lecer, conciliación e corresponsabilidade. Estes son:

CA4.1 Definíronse desde a perspectiva de xénero as necesidades de información no ámbito da saúde, a educación, o lecer, a conciliación da vida persoal e familiar, a mobilidade e a xestión de tempos

CA4.2 Seleccionáronse os recursos para atender as necesidades de persoas e colectivos

CA4.3 Adecuouse a información sobre os recursos, os espazos e os tempos á diversidade das persoas, grupos sociais e colectivos

CA4.4 Puxéronse en práctica accións para o cambio de usos do tempo de mulleres e homes

CA4.5 Realizáronse actividades para informar e sensibilizar sobre medidas de conciliación

CA4.6 Argumentouse a importancia de ter en conta a diversidade das mulleres e das súas necesidades

CA4.7 Analizouse o papel do/da técnico/a no equipo de traballo en materia de igualdade de oportunidades

RA5. CA referidos á identificación dos momentos e tarefas a desenvolver en cada un deles dentro do proceso de avaliación, así como o desenvolvemento desas tarefas, empregando técnicas e instrumentos de obtención de información, protocolos para a comunicación e divulgación de resultados e tecnoloxías da información e a comunicación.

CA5.1 Identificáronse os momentos da avaliación

CA5.2 Establecéronse criterios e indicadores para valorar o impacto das intervencións en materia de igualdade

CA5.3 Seleccionáronse instrumentos para valorar a eficacia, a eficiencia e a efectividade das accións en materia de igualdade efectiva



CA5.4 Aplicáronse instrumentos para o seguimento das accións desenvolvidas

CA5.5 Identificáronse protocolos para a comunicación e a divulgación dos resultados

CA5.6 Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración, a presentación e a difusión de informes de avaliación e memorias

CA5.7 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade da intervención

As dúas partes da proba ás que se refire o apartado 4 desta programación están baseadas na selección dunha mostra suficientemente significativa dos anteriores criterios de avaliación, relacionados coa UD1 (1ª parte da proba) ou coa UD2 (2ª parte da proba), tal e como se recolle no apartado 2.b desta programación.

Tal e como se indica no apartado 4, tanto a 1ª parte da proba como a 2ª teñen carácter eliminatorio. No caso de non superar a 1ª parte, automaticamente a nota na 2ª parte será 0 e a nota final máxima, 4.

Sempre e cando as dúas partes da proba estean superadas, a nota final será o resultado da media aritmética da 1ª e a 2ª parte, expresada cun número enteiro, e con redondeo á alza en puntuacións con cifras decimais iguais ou superiores a 6.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que poderá ser de diferente tipo (desenvolvemento, pregunta curta, tipo test con desconto de respostas erróneas, etc.), e versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Esta será cualificada de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha nota igual ou superior a cinco puntos para pasar á seguinte proba. No caso de preguntas tipo test, ou de tipo verdadeiro/falso, por cada tres respostas incorrectas descontarase unha resposta correcta.

A duración máxima será de 120 minutos.

Durante a realización da proba, non se admitirá o uso de ningún aparello electrónico ou de comunicación co exterior, salvo expresa indicación do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Unha vez iniciada a proba as persoas candidatas agardarán un mínimo de 30 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estean a realizala. Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A comisión de avaliación poderá excluír a calquera aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.



Para a superación da primeira parte da proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Non superar esta parte, implicará obter un 0 na segunda tal e como establece a lexislación vixente.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas dun bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e cun documento identificativo oficial. Non se permite empregar lápis nin tintas correctoras.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet . Durante a proba deberán permanecer apagados.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa xustificada documentalmente que será valorada pola comisión de avaliación.

Non se poderá abandonar a aula durante os 30 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba. Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A comisión de avaliación poderá excluír a calquera aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.

4.b) Segunda parte da proba

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos debidamente contextualizados que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Terá unha duración máxima de 120 minutos. Esta segunda parte da proba será cualificada de 0 a 10 puntos, cun máximo de dous decimais. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta parte.

A puntuación máxima desta segunda parte será un 10 e a mínima para aprobar un cinco.

Sempre e cando as dúas partes da proba estean superadas, a nota final será o resultado da media aritmética da 1ª e a 2ª parte da proba, expresada cun número enteiro, e con redondeo á alza en cifras decimais iguais ou superiores a 6.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas dun bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e cun documento identificativo oficial. Non se permite empregar lápis nin tintas correctoras.



ANEXO III
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet . Durante a proba deberán permanecer apagados.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido, salvo causa debidamente xustificada a valorar pola comisión de avaliación.

Unha vez iniciada a proba escrita as persoas candidatas agardarán un mínimo de 30 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estean a realizar.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A comisión de avaliación poderá excluir a calquera aspirante que leve a cabo accións de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.